
NOTA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

NOTA FASE OBRIGATORIA DA ABAU (NFO) → 40%

Media aritmética das cualificacións dos cinco exercicios redondeada á milésima (3 decimais) ≥ 4 PUNTOS.

NOTA MEDIA DO BACHARELATO (NMB) → 60%

NOTA DE ACCESO (≥ 5) = $NMB * 0,60 + NFO * 0,40$

**PROBA DE ACCESO SUPERADA (≥ 5)
MÁXIMO 10 PUNTOS
VALIDEZ INDEFINIDA**

NOTA DE ADMISIÓN NA UNIVERSIDADE

NOTA DE ACCESO	+	NOTAS MATERIAS PARTE VOLUNTARIA	
		↓	↓
		M1	M2

NOTA DE ADMISIÓN = $0,60 * NMB + 0,40 * NFO + a M1 + bM2$

NMB= Nota media do bacharelato

NFO= Nota fase obrigatoria ABAU

a, b= (0,1 ou 0,2) Parámetros de Ponderación das materias da parte voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da ABAU

M1, M2= Cualificación das materias superadas na parte voluntaria e/ou da material troncal de modalidade da ABAU que proporcionen mellor nota de admisión.

MÁXIMO 14 PUNTOS
VALIDEZ 2 CURSOS ACADÉMICOS SEGUINTEs: 2020-2021 e 2021-2022

FÓRMULAS

PARA O ALUMANDO QUE SÓ SE PRESENTA A FASE OBRIGATORIA

*Nota de admisión = $0,6 * NMB$ (Nota Media de Bacharelato) + $0,4 * ABAU$ (Nota Fase Obrigatoria)*

PARA O ALUMNADO QUE SE PRESENTA TAMÉN Á FASE VOLUNTARIA

*Nota de admisión: $0,6 * NMB$ (Nota Media de Bacharelato) + $0,4 * ABAU$ (Nota Fase Obrigatoria) + $a * M1$ + $b * M2$ (Nota da fase voluntaria)*

✓ AS TRES NOTAS QUE DEBES SABER CALCULAR

En realidade a nota de ABAU é unha das 3 cifras importantes que debes saber calcular:

- 1. A Túa Nota de ABAU.** É a nota que sacas na Fase Obrigatoria de ABAU.
- 2. A Túa Nota da Fase Voluntaria.** Se te presentas, serve para subir nota e facilitar o acceso a graos con nota media de corte alta.
- 3. A Túa de Cualificación de Acceso á Universidade (CAU).** É a ponderación da túa nota de Selectividade coa túa nota de Bacharelato.

Agora vamos a explicar cada nota con máis detalle e veremos cómo se calcula.

1.- A NOTA DE ABAU

A nota ABAU, é a media aritmética das notas obtidas en cada unha das materias da Fase Obrigatoria (antes coñecida como Fase Xeral). **É imprescindible sacar polo menos un 4 de media para poder acceder a un grado universitario oficial.**

Exemplo:

Primero exercicio: 7,30

Segundo exercicio: 4,20

Terceiro exercicio: 5,90

Cuarto exercicio: 6,10

Nota de esta Fase Obrigatoria: $7,30 + 4,20 + 5,90 + 6,10 = 23,50 / 4 = 5,875$

2.- A TÚA CUALIFICACIÓN DE ACCESO Á UNIVERSIDADE

Sempre que a túa nota de Selectividade sexa igual ou superior a 4, farase unha media ponderada coa nota do bacharelato para obter a Cualificación de Acceso á Universidade. A fórmula é a seguinte:

Cualificación de Acceso á Universidade = $(0,4 * \text{nota media dos exámenes da fase obrigatoria da Selectividade}) + (0,6 * \text{nota media do bacharelato})$. Polo tanto, a Cualificación de Acceso á Universidade será como máximo de 10 puntos. Se a túa *Cualificación de Acceso á Universidade* é igual ou superior a 5 puntos, poderás acceder á Universidade. **Esta cualificación non caduca nunca.**

3.- A TÚA NOTA DE ADMISIÓN

Se te presentas só á fase obrigatoria, calcúlase a túa Nota de Admisión da seguinte maneira:

Nota de admisión = $0,6 * \text{NMB (Nota Media de Bacharelato)} + 0,4 * \text{ABAU (Nota Fase Obrigatoria)}$

Se te presentas tamén á fase voluntaria para subir puntos, a fórmula é a seguinte:

Nota de admisión: $0,6 * \text{NMB (Nota Media de Bacharelato)} + 0,4 * \text{ABAU (Nota Fase Obrigatoria)} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$

Como podes obter un máximo de 10 puntos na *Cualificación de Acceso á Universidade* e un máximo de 4 puntos na Fase Voluntaria, a **Nota de Admisión máxima é de 14 puntos.**

As cualificacións dos exámenes na Fase Voluntaria irán de 0 a 10, con dúas cifras decimais e para que conte un examen, en esta fase é necesario sacar como mínimo un 5. A nota que sacas en cada materia de esta fase multiplícase por 0,2, se a universidade a ten como materia prioritaria para a titulación a que queres acceder ou 0,1 se non.

Se decides examinarte de máis de 2 materias, só se terán en conta as 2 mellores notas. As táboas de ponderación 2020-2021 en Galicia <https://ciug.gal/gal>. Poderás ver cal pondera 0,2 e cal 0,1.

Sendo **a** e **b** os parámetros de ponderación (0,1 ou 0,2) das materias da Fase Voluntaria, e M1 y M2 as cualificacións de un máximo de dúas materias superadas que proporcionen a mellor Nota de Admisión.

Exemplo de cálculo da Nota de Admisión:

Nota Bacharelato: 7,80

Nota Fase Obrigatoria: 7,20

Nota de acceso (antes de realizar a Fase voluntaria): $(0,60 * 7,80) + (0,40 * 7,20) = 7,56$

Fase voluntaria:

Materia 1 (Clasificada como prioritaria): 9,20

Materia 2 (Clasificada como non prioritara): 8,40

Puntos adicionais: $(9,20 * 0,2) + (8,40 * 0,1) = 2,68$

Nota de admisión: $7,56 + 2,68 = 10,24$

Ten en conta que a Nota de Admisión é un concepto de interese sobre todo para as universidades públicas. Cando en unha universidade pública un grao ten límite de prazas, é dicir, ten menos prazas dispoñibles que número de estudantes que queren estudar ese grao, o único criterio que teñen en conta para conceder o denegar una praza é a Nota de Admisión dos estudantes.

Cómo é o proceso?

Todas as solicitudes que a universidade recibe de estudantes que queren un determinado grao, son ordeadas de máis a menos nota e van dando prazas a aqueles estudantes que teñen mellor Nota de Admisión. A Nota de Admisión do último estudante admitido convértese **NA NOTA DE CORTE** para ese grao, nesa universidade e ano. Enlace <http://ciug.gal/>.

Cómo saber se superaches a proba de acceso á Universidade?

Considérase que un estudante superou a proba cando obtivo unha nota igual ou maior a 5 puntos na media ponderada entre a nota de Bacharelato (que conta un 60%) e a cualificación obtida na Fase Obrigatoria da ABAU (que conta un 40%), sempre que obtivera un mínimo de 4 puntos na cualificación da Fase Xeral.

En concreto, con tal de que teñas ao menos un 5.67 en Bacharelato, aprobas ABAU con un 4. O cálculo é así: $(5.67 * 0,60) + (4 * 0,40) = 5$. Se tes menos de un 5.67 en Bacharelato, precisas sacar máis de 4 en ABAU para que a media ponderada sexa polo menos o 5 preciso para aprobar.

PERO NON TE CONFORMES E ARRISQUES, ESTUDA UN POUQUIÑO QUE VALE A PENA!

NON XOGUES CO TEU FUTURO!

**SI EL PLAN
no funciona
CAMBIA
EL PLAN
pero no cambies
LA META**